



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA PROVEER UN POSTO DETRABALLO DE PEÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE FINANCIADO COPROGRAMA APROL RURAL 2024, EXPTE. 07/2024-SPLT.

En cumprimento do establecido na base 11 das que rexeron o procedemento de selección de persoal para a provisión dun posto de traballo de peón do servizo de conservación do medio ambiente financiado co programa APROL RURAL 2024, expte. 07/2024-SPLT, faise pública a resolución de nomeamento adoptada por Decreto do Alcalde número 450/2024, do 28 de maio, correxido no Decreto 460 /2024, do 29 de maio:

Primeiro. Avocar a competencia para o nomeamento da persoa seleccionada para proveer 1 posto de traballo de peón forestal, expte. 07/2023-SPLT, dado que o día 3 de xuño do 2024 debe iniciarse a prestación de servizos.

Segundo. Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a dona María Hervés Rivas, ao ter obtido a maior puntuación segundo os criterios fixados no artigo 14 da Orde do 26 de decembro de 2023 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 e nos criterios fixados na base 9 das que rexeron o procedemento de selección, aprobadas por Decreto do Alcalde número 415/2024, do 14 de maio, para proveer un posto de traballo coas seguintes características:

- Denominación do posto: peón do servizo de conservación do medio ambiente.
- Tipo de contrato: O contrato de traballo que se formalizará coa persoa seleccionada seguirá a modalidade vinculada a programas de políticas activas de emprego denominado "para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial", código 505, de acordo ao establecido na disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, lexislación que lle será aplicable sen perxuízo do disposto na lexislación que sexa de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións públicas e especialmente á administración local.
- Duración: do 03 de xuño do 2024 ao 02 de marzo do 2025, ambos incluídos.
- Xornada laboral: 40 horas á semana, en horario de mañá, de luns a venres.
- Grupo de cotización: 10.
- Servizo a desenvolver: prevención e defensa contra os incendios forestais, planificación preventiva, valorización forestal, sivilcultura, limpeza de montes e xestión da biomasa, mantemento de espazos naturais e zonas verdes como rozas, corta de herbas, podas, recortes de arbustos, rareo, recollida de residuos, control da execución da limpeza de fincas, etc.
- Convenio colectivo aplicable: Convenio colectivo para o sector de actividades forestais publicado no Boletín Oficial do Estado número 131 do 11 de xullo do 2019.
- Salario bruto mensual: 1.323,00 €, incluído o prorrateo das pagas extraordinarias.

Terceiro. Formalizar coa persoa seleccionada o correspondente contrato de traballo temporal, que seguirá a modalidade vinculada a programas de políticas activas de emprego denominado "para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial", código 505, de acordo ao establecido na disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, lexislación que lle será aplicable sen perxuízo do disposto na lexislación que sexa de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións públicas e especialmente á administración local.

Cuarto. Requiritr á persoa a presentación da seguinte documentación no prazo máximo de 1 día hábil contado desde a publicación da presente resolución no Taboleiro electrónico do Concello, na páxina web e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. As ou os familiares dos anteriores, visado e, de selo caso, documentación acreditativa do vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

separado de dereito ou de que a ou ao aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

- b) Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo I.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- c) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias.
- d) Tarxeta da Seguridade Social no suposto de ter sido dado de alta con anterioridade.
- e) Documento de información sobre a subvención que financia a contratación e declaración sobre requisitos de contratación que será facilitada nas oficinas municipais.
- f) Tarxeta de persoa desempregada espedida ese mesmo día ou como máximo o día anterior.

Quinto. Establecer a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos no que o nomeado non chegue a asinar o contrato de traballo no prazo establecido e a bolsa de emprego prevista na base 12 das que rexeron o procedemento de selección:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL
1	HERVÉS RIVAS MARIA	3,40
2	FURELOS COBAS MARIA CARMEN	1,60
3	JIMÉNEZ BORJA JOSÉ RAMÓN	1
4	PÉREZ BLANCO JESÚS	1
5	GONZÁLEZ FIGUEIRA JOSÉ	0,20
6	ADIR MARIAN	0
7	BUCETA BUSTELO JOSÉ MANUEL	0
8	DURO BOGA MANUEL	0
9	GARCÍA GÓMEZ JESÚS	0
10	VILAR ORGEIRA BERTA	0

Sexto. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón, no da Casa do Concello e na páxina web do mesmo (www.padron.gal).

Sétimo. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

Oitavo. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca.